


LUDOTECA

2017/2018



Concello de Cangas
Concellería de Xuventude e Voluntariado



DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	LUDOTECA 2017 – 2018
<p>PRESENTACIÓN</p>	<p>Os Obradoiros Infantís abren as súas portas a nenos e nenas de entre 4 e 10 anos que queiran participar nas súas actividades de luns a xoves en horario de tarde, este ano como novidade os luns e mércores o horario será de 16.30 a 19.30 h. e os martes e xoves de 17.00 a 20.00 h</p> <p>A Ludoteca da Casa da Xuventude parte da necesidade de ofertar actividades lúdico-educativas para o tempo de ocio de nenas e nenos, sector social que tradicionalmente demanda e precisa deste tipo de servizo.</p> <p>O proxecto apoiase nos pilares principais educativos e de ocio actuais, onde priman a experimentación, a manipulación e o aprendizaxe por descubrimentos con base lúdica.</p>
<p>OBXECTIVOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos/as participantes. ❖ Dotar aos nenos e nenas de hábitos lúdicos saudables e construtivos no seu tempo de lecer. ❖ Achegar á xente moza do Concello actividades alternativas para ocupar o seu tempo libre. ❖ Axudar o/a neno/a a desenvolver a súa imaxinación e creatividade mediante o xogo, a lectura e a experimentación. ❖ Promover actitudes participativas nas actividades lúdicas e socioculturais, asómesmo establecer bases normativas cívicas e sociais de respecto e interacción nas actividades grupais ❖ Detectar precozmente condutas inapropiadas e iniciar estratexias para reconducilas e modificalas adecuadamente.
<p>ACTIVIDADES E METODOLOXÍA</p>	<p>O servizo da Ludoteca contará con actividades de carácter permanente obradoiros, animación a lectura, xogos, etc., ás que poderán acceder tódolos</p>

	<p>usuarios que se inscriban para esas actividades.</p> <p>Ademais destas actividades, realizaranse outras actividades culturais e celebración de datas sinaladas, etc, para participar nestas actividades,todas/os os usuarios deberán entregar unha autorización que se lles entregará previamente.</p> <p>Todo-las/os usuarias/os, así coma nais/pais/titores, terán acceso ao calendario e programa da ludoteca no que se reflectirán as diferentes actividades, horario, datas e periodicidade.</p> <p>As actividades coas que se inicia a andanza deste novo espazo son:</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Animación á lectura ❖ Xogos tradicionais ❖ Dinámicas de grupo ❖ Contacontos ❖ Reciclaxe ❖ Obradoiros ❖ Xogos tradicionais ❖ Mediateca ❖ Conmemoración de datas sinaladas ❖ Promocionar a lingua e literatura galega <p>*Estas actividades poden variar o longo do ano, de ser así as/ os usuarios e as/ os responsables serán avisados con antelación</p>
<p>SERVIZOS IMPLICADOS</p>	<p>Concellería de Xuventude e Voluntariado</p>
<p>PERÍODO DE REALIZACIÓN</p>	<p>A ludoteca comezará o luns 16 de outubro</p>
<p>INSCRICIÓN</p>	<p>As nais/pais/ titores das/os nenas e nenos interesados en asistir á ludoteca, presentarán a solicitude de inscrición na Casa da Xuventude a partir do 13 de setembro na Casa da Xuventude de Cangas.</p> <p>Así mesmo, pagarase unha cota de inscrición de 25€ por dúas horas , 40 € por 4 horas ou 50 € por 6 h., que se fará efectiva no momento de entregar o formulario.</p> <p>A inscrición implica o dereito de participar nas actividades ordinarias propostas por este servizo, cun máximo de 6 horas semanais, que se poderán distribuír de luns a xoves en horario de tarde</p>

NÚMERO DE PRAZAS	70 USUARIOS/AS

OUTUBRO	31	SAMAÍN	
NOVEMBRO		MAGOSTO	
DECEMBRO	26,27,28,29	OBRADOIROS DE NADAL	
XANEIRO	2,3		
FEBREIRO	12,13,14	OBRADOIROS DE ENTROIDO	
MAIO	17	LETRAS GALEGAS	